

ORDENANZA FISCAL Nº 19

TAXA POLA RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE, PARADAS DE AUTOBUSES E PROHIBICIÓN DE ESTACIONAMENTO (VAOS PERMANENTES).

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das potestades conferidas pola Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local e ó abeiro do previsto nos artigos 58 e 20.3 h) da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece as taxas polas reservas da vía pública para carga e descarga de mercadorías de calquera clase, paradas de autobuses e outros vehículos de viaxeiros e prohibición de estacionamento (Vados Permanentes), que se rexerán polo disposto na presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa a reserva da vía pública para cargas e descargas de mercadorías, paradas de autobuses e outros vehículos de viaxeiros e pola reserva de espazos nos que se prohíbe estaciona-lo vehículo a outros usuarios da vía pública (vados permanentes).

ARTIGO 3º.- SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como os entes ós que se refire o art. 33 da Lei 230/1963, Xeral Tributaria, a favor das que se otorgue a correspondente licenzia para disfrutar do aproveitamento especial ou os que se beneficien de tal aproveitamento, cando se teña disfrutado sen licenzia.

ARTIGO 4º.- RESPONSABLES

En materia de responsabilidade, estarase ó disposto nos arts. 37 e seguintes da Lei 230/1963, do 28 de decembro, Xeral Tributaria, nas normas que a desenvolvan e na Ordenanza Fiscal Xeral de Xestión, Recadación e Inspección dos tributos locais.

ARTIGO 5º.- BENEFICIOS FISCAIS.

1. O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigadas ó pago da taxa cando soliciten licenzia para disfrutar dos aproveitamentos especiais referidos no artigo 1º desta Ordenanza, sempre que sexan precisos para os servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e para outros usos que inmediatamente interesen a seguridade cidadán ou a defensa nacional.

2. Non se aplicarán bonificacións nin reducións para a determinación da débeda tributaria.

ARTIGO 6º.- COTA TRIBUTARIA.

A contía desta taxa quedará fixada dacordo coas seguintes cotas tributarias:

- Reservas de espazos nas vías e terreos de uso público para carga e descarga de mercadorías:
24,04 € (4.000 ptas) por cada tarxeta-licencia que se expida para utilizar as reservas fixadas pola Policía Local, segundo o horario previsto nas mesmas e ó abeiro do que dispoña a Ordenanza Xeral de Circulación, Estacionamento e Utilización de Vía Pública, no caso de existir esta.
- Reservas destinadas a paradas de autobuses:
 - a) 240,40 € (40.000 ptas) se se utilizasen menos de 6 veces diarias por cada empresa.
 - b) 300,51 € (50.000 ptas) se se utilizasen entre 6-10 veces diarias por cada empresa.
 - c) 450,76 € (75.000 ptas) se se utilizasen máis de 12 veces diarias por cada empresa.
- Vados permanentes:

Existen tres clases de vados permanentes:

1) Vados de obras.

Son aquelas reservas que impiden o estacionamento ante as saídas/entradas dos valados ou lugares delimitados onde se realizan obras de calquera clase, para garantir o transporte, carga e descarga de materiais de obra, tendo vixencia tan só de 8:00 h. a 21:00 h., de luns a sábado, de xeito que, fóra deste horario, carecen de eficacia algunha:.....15,025302 €/metro/mes (2.500 pts/metro/mes)

2) Vados diurnos:

Son aqueles que outorgan unha reserva de aparcamento de 8:00 a 21:00 h., sempre que non se refiran a obras:

- a) Para garaxes de menos de 6 prazas:
- 27,045544 €/metro lineal (4.500 pts/metro lineal).
- b) Para garaxes de 6-12:
- 36,060726 €/metro lineal (6.000 pts/metro lineal).
- c) Para garaxes de 13-25 prazas:
- 45,075907 €/metro lineal (7.500 pts/metro lineal)
- d) Para garaxes de máis de 25 prazas:
- 60,101210 €/metro lineal (10.000 pts/metro lineal)

3) Vados ordinarios a tempo completo:

Outorgan unha reserva absoluta de 24 horas diarias:

- a) Para garaxes de menos de 6 prazas:
- 39,065786 €/metro lineal (6.500 pts/metro lineal)
- b) Para garaxes de 6-12:
- 51,086028 €/metro lineal (8.500 pts/metro lineal)
- c) Para garaxes de 13-25 prazas:
- 57,096149 €/metro lineal (9.500 pts/metro lineal)
- d) Para garaxes de máis de 25 prazas:
- 75,126513 €/metro lineal (12.500 pts/metro lineal)

ARTIGO 7º.- PERÍODO IMPOSITIVO.

1. Con carácter xeral, o período impositivo coincidirá co ano natural. As cotas fixadas no artigo anterior prorrataranse por trimestres naturais nos períodos correspondentes a presentación da alta ou á baixa no disfrute do aproveitamento especial, salvo a cota dos vados de obras, onde o devengo será mensual.

2. No caso de autorizacións concedidas con carácter temporal, liquidarase como mínimo a cota correspondente a un trimestre, salvo o disposto no parágrafo 1º para os vados de obras.

ARTIGO 8º.- RETRIBUCIÓN.

1. A obriga de contribuir nace cando se inicie o uso privativo ou o aproveitamento especial, momento que coincide co da concesión de licencia e a colocación física do vado no portal correspondente.

2. Nos períodos impositivos posteriores ó da concesión de licencia, o devengo producirase o día un de xaneiro.

ARTIGO 9º.- NORMAS DE XESTIÓN.

1.- As persoas ou entidades interesadas na concesión dalgún aproveitamento regulado nesta Ordenanza Fiscal, deberán solicitar previamente a correspondente licencia, adxuntando un plano detallado do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal, así coma a demais documentación que esixa a normativa de seguridade vixente segundo sinale a Oficina Técnica Municipal. Os aspectos substantivos e materiais aplicables serán os que consten na Ordenanza Xeral de utilización da vía pública, de habela.

2.- Unha vez tramitada a solicitude polo Servicio competente, xuntamente co acto administrativo de concesión practicarase a liquidación da taxa, que será notificada directamente ó suxeito pasivo. A taxa de exercicios sucesivos notificarase colectivamente, mediante exposición pública do padrón no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial Provincial. O suxeito pasivo poderá solicita-la domiciliación do pago da taxa.

3.- Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada para os períodos impositivos seguintes, mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado ou polos seus herdeiros no caso de falecemento.

4.- Por Decreto da Alcaldía, que será obxecto de publicación no Boletín Oficial Provincial, poderase acordar establece-lo sistema de autoliquidación a partires dunha determinada data. Neste caso, os funcionarios do Concello prestarán a axuda necesaria ós contribuíntes para a determinación da débeda tributaria.

5.- Para a tarificación das paradas de autobuses, as empresas deberán presentar, coa solicitude, ou, no seu defecto, a instancia do Servicio de Xestión Tributaria, relación dos servizos regulares de viaxeiros que presten e do lugar e horario de parada nas zonas de dominio público local.

6.- Non poderá desfrutar da reserva aquela persoa física, xurídica, ou entidade do artigo 33 da Lei 230/1963, que non se atope inmatriculada na Matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas para exercer-la actividade que precise da reserva.

ARTIGO 10º.- INFRACCIÓNS E SANCIONES.

A calificación das infraccións tributarias, así como as sancions que procedan en cada caso, virán determinadas polo disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei 230/1963 Xeral Tributaria, nas demais normas estatais aplicables (R.D. 939/1986 e R.D. 1930/1998) e na Ordenanza Fiscal Xeral de Xestión, Recadación e Inspección dos tributos locais.

DILIXENCIA.-

Aprobación: Sesión extraord. Pleno 17/11/2000. B.O.P. nº 298 do 30/12/2000.

Modificación: Sesión ord. Pleno 19/11/2001. B.O.P. nº 298 do 31/12/2001. Vixente a día de hoxe.

